



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lecturas de Literatura Española. Poesía		Código	613G01046
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martinez Lopez, María Josefa	Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es	
Profesorado	Martinez Lopez, María Josefa	Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo e interpretación de textos poéticos da literatura española atendendo a distintas formas métricas, tradicións literarias, autores e contextos histórico-literarios.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Saber facer unha lectura crítica e reflexiva de textos poéticos da literatura en lingua española, atendendo ao feito histórico-literario e considerando a súa creación, transmisión e recepción.	A1	B1	C4
	A2	B5	C5
	A5	B6	C6
	A10	B7	C7
	A11	B8	C8
	A15	B9	
	A16	B10	
	A17		
Ser capaz de comentar e interpretar diferentes textos poéticos da literatura española, sen perder de vista as súas posibles lecturas nun mesmo momento e ao longo do tempo.	A1	B1	C4
	A2	B5	C6
	A5	B6	
	A10	B7	
	A11	B8	
	A15	B9	
	A16	B10	
	A17		
Ser quen de encontrar información manexando de forma efectiva e con honestidade as fontes bibliográficas convencionais e os recursos disponibles en internet	A5	B1	C4
	A11	B5	C5
		B6	C6
		B7	C7
		B10	C8
Producir textos escritos, debidamente elaborados e ordenados, en que se apliquen os coñecementos adquiridos, se ofrezca unha síntese, se contrapoñan puntos de vista ou teorías..., sempre cunha visión crítica e reflexiva.	A1	B1	C4
	A2	B5	C5
	A5	B6	C6
	A10	B7	C7
	A11	B8	C8
	A15	B9	
	A16	B10	
	A17		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción metodolóxica	1. Importancia da edición e interpretación dos textos. 2. Tipos de edicións 3. Outras cuestións
2. O comentario de textos poéticos	1. Introducción ao comentario literario. 2. Texto e contexto 3. A linguaxe literaria 4. Comentar e interpretar
3. Contexto histórico-filolóxico da poesía no século XVII	1.- A polémica gongorina 2.- Rasgos estéticos 3.- Os textos do debate
4. Estudo particularizado de Góngora	1.- Romances 2.- Letrillas 3.- Soledades
5. Outros poetas do século XVII	1.- Lope de Vega 2.- Quevedo 3.- Calderón de la Barca: un gongorino singular

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C4 C6 C7 C8	0	32	32
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C4 C6 C7 C8	16	16	32
Actividades iniciais	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C4 C6 C7 C8	1	0	1
Presentación oral	A1 A5 A11 A17 B1 B10 C4 C6 C8	1	15	16
Obradoiro	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C4 C5 C6 C7 C8	14	15	29
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Cada estudante debe realizar un traballo tutelado sobre algún aspecto relacionado coa materia, baseándose no estudo e interpretación de textos. Valorarase a capacidade de reflexión, a orixinalidade, o pensamento crítico autónomo e o dominio do idioma.
Sesión maxistral	Nestas sesións a profesora abordará as cuestións referentes tanto á técnica do comentario de textos poéticos, como a temas relativos ás etapas históricas, tradicións literarias... Procurarase que o alumno participe.
Actividades iniciais	Análise do coñecemento previo que os estudantes teñen das formas métricas, tradicións literarias, autores e creacións que se traballarán durante o curso, así como do seu dominio das técnicas da análise de textos. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa.
Presentación oral	
Obradoiro	Mediante a combinación de diversas metodoloxías (discusión dirixida, resumos, reflexións críticas, etc.), o alumnado levará a cabo distintas actividades ligadas á materia obxecto de estudo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Obradoiro Traballos tutelados	Os estudantes poden acudir a tutorías tanto para resolver dúbidas como facer consultas en calquera momento, axustándose ao horario establecido (é preferible a presencialidade, pero poderán facelo a través de Teams se as circunstancias non o aconsellan).
Sesión maxistral Presentación oral	Para a realización do traballo tutelado, é imprescindible que acudan en máis dunha ocasión a tutorías a fin de que a profesora poida facer un seguimento efectivo do seu labor e dos seus problemas.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A5 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C4 C5 C6 C7 C8	Algunhas das actividades realizadas no obradoiro serán entregadas para a súa avaliación; nalgún caso, o alumno debe, ademais, realizar algunha lectura ou exercicio previo na casa. Teráse en conta a expresión.	20
Traballos tutelados	A1 A2 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B1 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C4 C6 C7 C8	O alumno deberá elaborar un estudo dalgún aspecto vencellado coa materia a partir da análise de textos. Compre que dea conta do seu plantexamento, para o cal presentará, na primeira fase, un esquema; máis tarde debe presentar os seus avances. Valorarase a profundidade da análise e a capacidade crítica, así como a aportación persoal e a orixinalidade. A expresión debe corresponder ao nivel da titulación. O traballo terá una extensión mínima de 10 e máxima de 15 páxinas.	60
Presentación oral	A1 A5 A11 A17 B1 B10 C4 C6 C8	O alumno deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado co fin de probar a súa capacidade de síntese. Valorarase a reflexión, o espírito crítico e a expresión, que terá que corresponder co nivel da titulación e estar en consonancia coa do traballo. A duración da presentación será de entre 10 e 15 minutos.	20

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá acadar unha calificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. Farase a media entre as distintas partes cando o estudante acade un 4 sobre 10 no traballo tutelado.

Aceptaránse unicamente as actividades e traballos realizados e entregados nas datas previstas, seguindo as normas que se precisarán en cada caso.

Dase por suposta a asistencia á clase, que é obrigatoria. Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante un comentario literario de un texto poético (40%) e o traballo tutelado (60%); debe contactar coa docente ao inicio do curso para establecer con precisión o mecanismo de seguemento da súa actividade. A data de entrega dos exercicios será o mesmo día fixado pola Facultade para o exame oficial da primeira ou da segunda oportunidade.

O sistema de avaliación será o mesmo para as persoas que participen na convocatoria de decembro.

Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes, xa que no se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (obradoiro). Así, a valoración estará composta polo 60% do traballo tutelado e o 40% do comentario literario dun texto poético. Só se repetirá o exercicio suspenso.

Considerarase como ?non presentado? o alumno que non entregue o traballo tutelado.

A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao nivel da titulación (tomarase en conta, xa que logo, a corrección ortográfica e gramatical, mais tamén a capacidade de estruturar as ideas e elaborar a exposición). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fora da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza na aula baixo o control dos profesores, para avaliar a expresión tomaráanse como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa.

Calquera falta de honradez académica (plaxio, é dicir, utilización de textos ou ideas doutros autores sin indicar a procedencia, copiar traballos, copiar nos exames, ou outras formas) se penalizará acordo con o indicado na normativa académica con un suspenso (nota numérica 0) para o conxunto da materia na convocatoria que lle corresponda (Regulamento disciplinar do estudantado, art. 11,

apartado 4b). Cumpre sinalar que a Xunta de Facultade aprobou o uso da aplicación "Turnitin" por parte do profesorado, ferramenta que permite detectar o plaxio. Pode reconocer traballos presentados nesta ou noutras universidades, así como porcións de textos procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia.

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade. De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información



Bibliografía básica	Poesía satírica y burlesca de los Siglos de Oro, ed. I. Arellano, V. Roncero, Madrid, Espasa Calpe, 2002, L6T POESIA satírica. Góngora y Argote, Luis de, Letrillas, ed. Robert Jammes, Castalia, D.L. 1991. L6t-GONGORA-let a c.2. Góngora y Argote, Luis de, Obra selecta. Antología poética, ed. A. Carreira, Barcelona, Crítica, D.L. 2009, L6t-GONGORA-ant, L6t-GONGORA-ant a c.2, L6t-GONGORA-ant b. Vega, Lope de, Rimas humanas y divinas del Licenciado Tomé de Burguillos, ed. J. M. Rozas y J. Cañas Murillos, Madrid, Castalia, 2004, L6T VEGA-rima.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Azaustre Galiana, Antonio y Juan Casas Rigall (1994). Introducción al análisis retórico: tropos, figuras y sintaxis del estilo. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago - Azaustre Galiana, Antonio y Juan Casas Rigall (1997). Manual de retórica española. Barcelona: Ariel - Bobes Naves, María Carmen (1978). Comentario de textos literarios. Método semiológico. Madrid: Cupsa - Díez Borque, José M^a, coord (1985). Métodos de estudio de la obra literaria. Madrid: Taurus - Díez Borque, José M^a (1994). Comentario de textos literarios: método y práctica. Madrid: Playor - Domínguez Caparrós, José (1977). Introducción al comentario de textos. Madrid: MEC - Domínguez Caparrós, José (1993). Métrica española. Madrid: Síntesis - Domínguez Caparrós, José (1996). Diccionario de métrica española. Madrid: Paraninfo - Domínguez Caparrós, José (2001). Análisis métrico y comentario lingüístico de textos literarios. Madrid: UNED - Lausberg, Heinrich (1966-1969). Manual de retórica literaria. Fundamentos de una ciencia de la literatura. Madrid: Gredos - Lázaro Carreter, Fernando (1981). Diccionario de términos filológicos. Madrid: Gredos - Marchese, Angelo y Joaquín Forradellas (1987). Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria. Barcelona: Ariel - Navarro Durán, Rosa (1995). La mirada al texto: comentario de textos literarios. Barcelona: Ariel - Navarro Tomás, Tomás (1972). Métrica española. Madrid: Guadarrama - Navarro Tomás, Tomás (1973). Los poetas en sus versos: desde Jorge Manrique a García Lorca. Barcelona: Ariel - Paraíso de Leal, Isabel (1988). El comentario de textos poéticos. Gijón-Valladolid: Júcar-Aceña - Quilis, Antonio (1991). Métrica española. Barcelona: Ariel - Rodríguez Fer, Claudio (1998). Guía de investigación literaria. Gijón: Júcar - Romera Castillo, José (1977). El comentario semiótico de textos. Madrid: SGEL - Segre, Cesare (1985). Principios de análisis del texto literario. Barcelona: Crítica - Vázquez, Félix (1997). El comentario de textos literarios: análisis estilístico. Barcelona: Paidós - (). . <p>Ao longo do curso facilitaranse outros títulos a medida que avancen ás sesións; a profesora tamén podera proporcionar outros materiais nas aulas ou a través do Campus Virtual.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

É un requisito dispor dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario de 4^a de Grao; recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficos, sintácticos ou doutro tipo) que os subsanen, prestando especial atención aos erros cometidos ao longo do curso para non repetilos na proba mixta.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías